

REVISTA XURIDICA GALEGA



N.º 0-1992

ASOCIACION REVISTA XURIDICA GALEGA

REVISTA XURIDICA GALEGA

N.º 0 - 1992



ASOCIACION REVISTA XURIDICA GALEGA

ASOCIACION REVISTA XURIDICA GALEGA

Membros fundadores

JUAN ARESES TRAPOTE, Avogado

RAFAEL BAREZ VAZQUEZ, Avogado

JOSÉ JUAN BARREIRO PRADO, Maxistrado

MIGUEL A. CADENAS SOBREIRA, Maxistrado

JESUS F. CRISTIN PEREZ, Maxistrado

LUCIANO FARIÑA BUSTO, Inspector de Finanzas do Estado

EDGAR FERNANDEZ CLOOS, Maxistrado

DANIEL GARCIA RAMOS, Maxistrado

JUAN ANTONIO GOMEZ SEGADE, Catedrático de Dereito Mercantil

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Funcionario

JUAN GRIÑO PASCUAL DE BONANZA, Avogado

CARLOS LOPEZ KELLER, Maxistrado

FERNANDO J. LORENZO MERINO, Prof. Titular de Dereito Civil

JOSE MANUEL LORENZO SALGADO, Catedrático de Dereito Penal

JOSE ANTONIO MENDEZ BARRERA, Maxistrado

XOAQUIN E. MONTEAGUDO ROMERO, Avogado

BENITO MONTERO PREGO, Fiscal

ANTONIO MOURE FIGUEIRAS, Avogado

JULIO PICATOSTE BOBILLO, Maxistrado

EDUARDO SANCHEZ TATO, Secretario da Admon. de Xustiza

JOSE LUIS SEOANE SPIEGELBERG, Maxistrado

JOSE LUIS DE LA TORRE NIETO, Avogado do Estado

LUCIANO VARELA CASTRO, Maxistrado

EDITA

REVISTA XURIDICA GALEGA

Coordinador

LUCIANO VARELA CASTRO

Administración e edición

DANIEL GARCIA RAMOS
LUCIANO FARIÑA BUSTO
JULIO PICATOSTE BOBILLO

JUAN GRIÑO PASCUAL DE BONANZA
ANTONIO MOURE FIGUEIRAS
EDUARDO SÁNCHEZ TATO

Compuxeron o Consello de Redacción neste número

JUAN ARESES TRAPOTE, Avogado, RAFAEL BAREZ VÁZQUEZ, Avogado, JOSÉ JUAN BARREIRO PRADO, Maxistrado, MIGUEL A. CADENAS SOBREIRA, Maxistrado, JESUS F. CRISTIN PEREZ, Maxistrado, LUCIANO FARIÑA BUSTO, Inspector de Finanzas do Estado, EDGAR FERNÁNDEZ CLOOS, Maxistrado, DANIEL GARCÍA RAMOS, Maxistrado, JUAN GRIÑO PASCUAL DE BONANZA, Avogado, CARLOS LOPEZ KELLER, Maxistrado, FERNANDO J. LORENZO MERINO, Prof. Titular de Dereito Civil, JOSE MANUEL LORENZO SALGADO, Catedrático de Dereito Penal, JOSE ANTONIO MENDEZ BARRERA, Maxistrado, BENITO MONTERO PREGO, Fiscal, ANTONIO MOURE FIGUEIRAS, Avogado, JULIO PICATOSTE BOBILLO, Maxistrado, JOSE LUIS SEOANE SPIEGELBERG, Maxistrado, JOSE LUIS DE LA TORRE NIETO, Avogado do Estado, LUCIANO VARELA CASTRO, Maxistrado, JAVIER GÁRATE CASTRO, Prof. Titular de Dereito do Traballo.

Tamén colaboraron

JUAN MANUEL ALFAYA OCAMPO, Maxistrado, LUIS GONZÁLEZ GUITIÁN, Catedrático de Dereito Penal, EDUARDO SÁNCHEZ TATO, Secretario Admón. Xustiza, ALBERTO FRESCO GONZÁLEZ, Avogado, GUMERSINDO GUINARTE CABADA, Prof. Titular de Dereito Penal

Asesores lingüistas

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ, XOSÉ FERNÁNDEZ SALGADO, XABIER RICO VERA

Imprime

ARTES GRAFICAS GALICIA, S.A.
Depósito Legal VG- 262 - 1992

REVISTA XURÍDICA GALEGA remitirá ós subscriptores que o pidan un exemplar enteiro das sentencias publicadas. As peticións poden dirixirse ó apartado de Correos 955 de Vigo.

Prezo de exemplar solto 2.000 pts. máis IVE
Prezo subscripción anual (tres números) 4.500 pts. máis IVE

A correspondencia dirixida a REVISTA XURÍDICA GALEGA recibiráse no apartado de correos 955 de Vigo

EDITORIAL

Quizais foi unha necesidade só instrumental —a falta de difusión das resolucións dos nosos tribunais galegos— a que fixo xurdir a idea de artellarmos un medio para as divulgar.

Outra idea estivo a carón daquela xa no seu nacemento: ese medio non quería ser-lo voceiro dun xeito singular ou excluínte de pensamento. Menos aínda dun activismo colateral do que lexítimamente está a darse noutros ámbitos sociais.

Tratábase, daquela, de instaurar un foro no que se achasen para aporen, e non só para coincidiren, dunha banda, as resolucións dos órganos xurisdiccionais, e, amais diso, as actuacións doutros poderes institucionais: Xunta, Deputacións Concellos...; como tamén as novas verbo do proceso mesmo de produción xurídica no Parlamento Galego.

*Doutra banda, a reflexión crítica, tanto no que fai ó que dese Dereito en vivo, como no atinxente ó **por que** e ó **para que**. Reflexión que vai alén do técnico xurídico, para se preguntar polas causas e efectos no económico, no sociolóxico, no psicolóxico... do fenómeno xurídico.*

Foi preciso entón que aquela inquedaanza, ó primeiro illada, fose contaxiada. E xoeceu de contado.

Agora un feixe de adicados ó Dereito estamos a traballar por facermos posible este foro de encontro cuns obxectivos que, nun comezo, se nos antollan meirandes cá nosas capacidades. Eis o motivo polo que engadirmos un optimismo da vontade que faga esmorece-lo pesimismo do pensamento.

Os obxectivos inmediatos son quizáis cativos. Tanto como as nosas posibilidades. Os futuros máis arriscados. Queremos ir a máis... Mesmo sen coutármonos.

Entre eses obxectivos cóntanse: contribuírmos á formación xurídica incrementando o coñecemento do dato xurídico. Pero tamén co esforzo da reflexión desde puntos de vista dialecticamente contrapostos.

O ámbito, fundamentalmente, a actuación na norma na realidade social galega. Porque Galicia, como referencia acoutadora, constitúe un sinal de identidade esencial.

Contribuír á solución racionalizada dos seus conflitos no ámbito xurídico é o norte do traballo asumido.

*Xa que logo, será doado decatarse da importancia que a **lingua galega** ten como instrumento de comunicación. Sen apriorismos excluíntes. Desde a defensa da **liberdade expresiva**, vencellada sempre ó **pluralismo tolerante**. Pero co agarimo que merece un dos nosos máis prezados tesouros. Ofrecendo comprensión. Mesmo pedíndoa...*

Este número é a penas un balbucente ensaio. Saímos baixo o n.º 0. Porque o facemos a xeito de convocatoria para multiplicármonos facendo plural o proxecto. Non como baldeira cláusula de estilo, senón como prego desde o desacougo da empresa asumida.

Todo nela é cuestionable. Agás o pluralismo, o rigor no discurso, a responsabilización das propias ideas, o compromiso con Galicia...